



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DO BOLO PARA O ACONDICIONAMENTO DE DIVERSOS CAMIÑOS MUNICIPAIS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto formalizar co Concello do Bolo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Bolo para o acondicionamento de oito camiños municipais das localidades de Santa Cruz, Lentellais, Celavente e As Ermidas.

As actuacións a levar a cabo son as seguintes:

- Camiños de Santa Cruz: reparación de fochancas (camiño 1) e asfaltado de toda a superficie (camiño 2).
- Camiños de Lentellais: reparación de fochancas (camiño 1) e asfaltado de toda a superficie (camiño 2).
- Camiños de Celavente: execución de soleira de formigón armado (camiños 1, 2 e 3).
- Camiño das Ermidas: asfaltado de toda a superficie, reparación dun muro de pedra e substitución da tubaxe de saneamento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





No Concello do Bolo cómpre levar a cabo a reparación dos danos producidos pola climatoloxía adversa en diversos camiños das localidades de Santa Cruz, Lentellais, Celavente e As Ermidas, co fin de ofrecer maior seguridade aos vehículos que circulan por elas.

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

A actuación que pretende realizar o Concello do Bolo consiste basicamente na reparación das fochancas e o asfaltado dos camiños.

A actuación que se pretende realizar o Concello do Bolo é complementaria á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello do Bolo ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a vinte e un de abril de 2016.

